

# EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS  
POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Michel  
Le Van  
Quyen



**CEREBRO Y NATURALEZA.** Plataforma Ed., 2023.

A natureza é unha enorme fonte de beneficios. Este libro expón de forma sinxela as razóns deste fenómeno. Combinando evidencia científica, emocións e sensibilidade, Van Quyen explica o froito de numerosas investigacións sobre o fascinante vínculo entre a natureza e o benestar, e achéganos á comprensión dos delicados mecanismos que actúan no noso cerebro cando penetramos na sombra dun bosque ou na silenciosa luz do mar.

En préstamo en ➔

Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

**Y AHORA YO QUÉ HAGO: CÓMO EVITAR LA CULPA CLIMÁTICA Y PASAR A LA ACCIÓN.** Capitán Swing, 2020.

Este libro non é un receitario para unha vida baixa en carbono, nin tampouco atoparás aquí unha folla de ruta sobre a transición ecolólica para as próximas décadas. O que si podes achear nestas páxinas son ferramentas para activarvos e impulsar o cambio nos demais, algunas das raíces da insostibilidade e as sementes dispersas dun futuro que debemos cuidar e traballar.



Andreu  
Escrivá

En préstamo en ➔

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Universitarias: [UDC, USC](#)

Bibliotecas Públicas: [Sada, Trazo, Porriño, Ourense](#)



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO  
QUIROGA**  
CENTRO DE  
DOCUMENTACIÓN



**Deputación  
DA CORUÑA**



para una  
**TRANSICIÓN ECOLÓGICA**




Varios  
Autores



## ¡CUIDEMONOS! UNA GUÍA DIDÁCTICA PARA HABLAR DE LOS CUIDADOS. Oxfam Intermón, 2024.

Esta proposta didáctica pretende axudar aos docentes na tarefa esencial dos coidados para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe desde calquera materia, ámbito ou proxecto. Empezando polo mantemento dun clima acolledor na aula, fomentando as relacións interpersoais saudables e positivas, favorecendo o desenvolvemento persoal, a inclusión social, o benestar emocional e físico, creando contornas agradables e seguras.



Descárgao en



<https://acortar.link/bniacg>

## BIODIVERSIDAD URBANA: DE LOS PROBLEMAS SOCIOAMBIENTALES A LA PRÁCTICA EDUCATIVA. Editorial DYKINSON, 2023.

Nos 17 capítulos que componen este libro, abórdanse temáticas concretas e variadas, contextualizadas na Biodiversidade Urbana. Situacións próximas ao alumnado e as súas distintas interrelacións desde o punto de vista da Axenda 2030, os Objetivos de Desenvolvemento Sostible e a Educación Ecosocial. Un recurso didáctico para que os mestres adquieran unha visión ampliada e interconectada dos problemas ambientais da súa contorna próxima e poder deseñar actividades didácticas para o seu alumnado.



Irene  
Guevara,  
José M.  
Pérez



Descárgao en



<https://acortar.link/iuklyi>



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO  
QUIROGA**  
CENTRO DE  
DOCUMENTACIÓN



**Deputación  
DA CORUÑA**



Varios  
Autores



### GUÍA DE AVES. Seo/Birdlife.

Se non tedes tempo de saír a paxarear ou simplemente queredes consultar con máis detalle e precisión toda a información dunha especie, podedes consultar esta guía. Atoparedes respostas a algunas preguntas sobre as aves de España como:  
Que especie é? Onde se pode observar? Que ameazas sofre esta especie? Como é o seu canto?...  
Resolve todas as túas dúbidas dunha plumada nesta web ou tamén coa aplicación móvil.



Acceso en




<https://seo.org/guia-de-aves/>

### CUADERNO DE CAMPO: APRENDE DIBUJANDO.

Geoplaneta, 2024.

Unha guía para aprender a observar a nosa contorna a través do debuxo e a pintura. Ensinaravos a crear un caderno de campo en contornas naturais, urbanas e museísticas. Atoparedes consellos sobre os materiais e as técnicas adecuadas para realizar apuntamentos e bosquejos do natural. Ademais, inclúe exercicios que vos axudarán a educar a vosa mirada para conectar coa contorna dunha forma más profunda.



Miquel  
Baidal,  
Clara  
Cerviño  
(il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA




**DOMINGO  
QUIROGA**  
CENTRO DE  
DOCUMENTACIÓN



**Deputación  
DA CORUÑA**



Caroline  
Virginie  
Aladjidi,  
Emmanuelle  
Pellissier  
(il.)



## INVENTARIO DE ROCHAS E MINERAIS.

Factoría K de libros, 2024.

De onde vén o ouro e por que é tan valioso? Que é a pirita, o xofre? De que está feito o xeó? Onde se atopan a pedra pómex e a arxila? A través de breves textos explicativos, este novo inventario ilustrado mergúllanos no coñecemento das rochas e dos minerais, desde a súa orixe ata a súa composición, pasando polo seu uso e o seu simbolismo.


**En préstamo en** ➔

Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[Foz,Rianxo,Porriño,Santiago](#)

## UXÍA E O MAR. Xerais, 2024.

Uxia tiña un soño grande, moi grande... Xigante! Ver o mar. Unha historia chea de amizade, soños e de traballo en equipo entre diferentes especies ata chegar ao lugar soñado. Un álbum ilustrado onde a cooperación entre os diferentes animais (incluído o humano) é unha valiosa aprendizaxe para a vida .



Paula  
Merlán,  
Mónica  
Fernández  
(il.)

**En préstamo en** ➔

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[Arzúa,Ordes,Ribeira,Sarria](#)



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO  
QUIROGA**  
CENTRO DE  
DOCUMENTACIÓN



**Deputación  
DA CORUÑA**




Emily  
Hughes



### SALVAJE. Libros del Zorro Rojo, 2022.

O libro cóntamoa historia dunha nena que vive feliz na natureza, onde os osos ensináronlle a comer, os paxaros a falar e os raposos a xogar. Ela é audaz, valente e increíblemente libre. Pero un día, un novo animal entra en escena, un animal extrañamente parecido a ela... Un álbum con ilustracións exuberantes e expresivas que nos fará pensar sobre a nosa disparatada forma de vida. Facéndonos reflexionar sobre o que consideramos bo ou malo na educación.



En préstamo en ➔


Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Narón, Ouro, Viveiro, Xermade](#)

Bibliotecas Universitarias: [UDC, UVIGO](#)

### EL NIÑO SEMILLA. Nube Ocho, 2016.

Nas terras do matrimonio Barley crece un neno, un trasgo marrón e verdoso como a terra, que inicia un ciclo marabilloso desbordado na vexetación. O conflito xurde entre a força da natureza e os límites da orde humana que o recibe con temor. Temos aquí unha lección implícita de ecoloxía que actúa ao nivel profundo da arte, que se empapa do eco da tradición literaria, plasmando as imaxes realistas e melancólicas nunha contorna rural americana de mediados do século XX.



Levi  
Pinfold

En préstamo en ➔

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Ares, Moaña, Chantada, Bergondo](#)

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS  
PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a ciudadanía en Galicia. Conta con más de 29.000 documentos disponibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS  
DIRIXIDOS A  
CENTROS  
EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO  
QUIROGA**  
CENTRO DE  
DOCUMENTACIÓN



**Deputación  
DA CORUÑA**

